

Igape aprobou o convenio que habilita unha liña de financiamento para pemes produtoras de mexillón afectadas pola marea negra

O Consello de Dirección do Igape autorizou un convenio que habilita unha liña de financiamento para as pemes galegas produtoras de mexillón co fin de paliar as consecuencias económicas do naufraxio do buque Prestige.

O convenio, que será asinado o próximo luns, nace no ámbito dun acordo marco promovido polas Consellerías de Economía e Pesca e as organizacións representativas do sector mexilloeiro, afectado polo descenso das vendas do produto, situación que está a provocar unha acumulación de stocks en vivo que cómpre recoller das bateas.

A venda a curto prazo obriga ós produtores a outorgar aprazamentos nos pagamentos ás depuradoras e industrias transformadoras. Para evitar que o financiamento dos aprazamentos provoque dificultades extraordinarias ós produtores, o Igape habilitará a liña de desconto prevista no convenio, que terá un límite global máximo de 20 millóns de euros, distribuído proporcionalmente polo Instituto entre as entidades financeiras participantes.

Esta liña permitirá que os produtores cobren o seu produto no momento da venda, dado que as liñas de desconto bancario estarán dedicadas a adiantar o 100% das letras de cambio aceptadas e os billetes de empréstimo á orde asinados por razón de venda de mexillón facturado desde a entrada en vigor do convenio ata o 28 de febreiro de 2003.

Os documentos de pagamento aprazado terán un vencemento non superior a catro meses para vendas a depuradoras, ou seis meses para vendas a cocedoiros e industrias conxeladoras e conserveiras. En virtude do convenio autorizado hoxe polo seu Consello de Dirección, o Igape compensará ás entidades financeiras os gastos financeiros e de xestión derivados destas operacións, de xeito que non revertan nos produtores os custos das operacións.